

NORMAS del curso y criterios de calificación

Os criterios de cualificación establecidos neste departamento para 1º de Bacharelato son os seguintes:

1. As probas obxectivas, exames, traballos individuais sobre un tema concreto da materia e similares representarán o 90% da nota. Debido á gran variedade de contidos desta materia, esta porcentaxe poderase repartir de distintas maneiras en función do tipo de traballo realizado en cada trimestre. Por iso, o profesor/a encargado de cada grupo informará o alumnado da porcentaxe correspondente a cada apartado en cada avaliación:
 - Exames (realizaranse, como mínimo, un ou dous exames por trimestre)
 - Traballos individuais
 - Outros (de carácter conceptual ou documental)
2. Lectura dun libro, de literatura clásica, preferentemente, por trimestre que ha de ser suficientemente demostrada, segundo o criterio do profesor/a, mediante un traballo ou control de lectura: ata o 10%.

Na avaliación do alumnado teranse en conta os seguintes criterios:

- No apartado de traballos e exames, o alumnado deberá demostrar un dominio igualitario das dúas partes fundamentais da materia (Lingua e Literatura), nas que deberá acadar, polo menos, o nivel mínimo esixido en cada unha delas.
- A avaliación dos contidos LINGÜÍSTICOS (gramática, sociolingüística, tipoloxía textual, ...) que se traballen ao longo do curso, polo seu carácter progresivo, será continua. É dicir, a súa superación na terceira avaliación suporá o aprobado deste apartado da materia de todo o curso. Iso non implica, por suposto, a cualificación positiva na materia, xa que o alumnado deberá alcanzar tamén un grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación establecidos na programación oficial, tanto no bloque de Educación Literaria como dos demais bloques naqueles contidos que non sexan progresivos.
- A ortografía considérase de suma importancia. Descontaráselle ao alumno en todas os traballos e exercicios escritos entregados, especialmente nos exames, 0,20 puntos por cada falta de ortografía que teña norma e 0,10 por cada acento. A penalización global non superará os 2 PUNTOS.

Avaliación final: O alumnado superará a materia en dous supostos:

1. Ter avaliación positiva nas tres avaliacións.
2. A media entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Outras consideracións importantes a ter en conta, tanto na AVALIACIÓN ORDINARIA como na EXTRAORDINARIA (pendentes):

- Debido a que o Xade non permite a notación con decimais, a partir do 5 (establecido na LOMLOE como a nota mínima para estar aprobado), o redondeo cara a puntuación seguinte realizarase a partir do 0,75 (por exemplo, 5,75 =6).

- **A non presentación** a un exame ou proba de calquera tipo deberá ser xustificada documentalmente. Se a xustificación é válida (según a LOMLOE e as Normas do centro) o exame repetirase ao día seguinte á incorporación do alumno/a ao centro, ou cando así o dispoña o profesor da materia.
- **Copiar** nunha proba (utilizando “chuletas” ou dispositivos electrónicos de calquera tipo) supón a calificación dun 0 na proba ou examen; a repetición de dita proba realizarase na recuperación da avaliación correspondente.
- Na avaliación extraordinaria, **recupérase TODA a materia**.
- **NON SE REALIZARÁN EXAMES PARA SUBIR NOTA**, dado que suponen un agravio comparativo entre o alumnado.

A recuperación por parte do alumnado con avaliacións suspensas poderá ter lugar tras cada avaliación (en canto aso contidos de Literatura, xa que Lingua considérase continua), **e non antes, ou** ao final de curso, durante o mes de xuño.

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

Se o alumno/a non supera a materia na convocatoria ordinaria, accederá a unha proba global extraordinaria no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.